

HISTORIAS DE CINE II

SALVADOR CASTRO OTERO

*"Play it again, Sam."**A Ramón Rocamonde, pola súa axuda coa lingua e coa informática. E sobre todo porque me ensina que a verdadeira intelixencia transita polo humor.*

Pode unha imaxe fugaz de xadrez, nunha película cun guión cambiante, onde se suprime unha escena do noso xogo no final, na que a que aparece é imposta polo actor principal, no momento inicial da obra, ter unha función semántica, aínda que sutil, importante? O misterio está unha vez máis en *Casablanca*.

A obra de Michael Curtiz, unha das máis emblemáticas e controvertidas da historia do cinema, comeza co asasinato de dous correos nazis que portan uns salvoconductos; o posuidor destes, Ugarte, preséntase ante Rick (Humphrey Bogart) para que llos custodie. Rick, que aparece nun contrapicado cunha copa e un pitillo na man, está a analizar unha posición do xogo das sesenta e catro cañas.

O crítico cinematográfico Frank Miller no seu artigo publicado en "*Casablanca as time goes by... 50th Anniversary Commemorative*" e citado na revista *Jaque 450* considera que, como en toda gran obra de arte, ningún detalle é inútil, e que esta escena cumpre unha importante función semántica. Vexamos:

En primeiro lugar, Rick (Bogart) non está xogando senón que analiza unha posición, o que se corresponde coa súa actitude aparentemente descomprometida ("Eu non me arrisco



por ningún", "Esta non é a miña guerra", etc.).

Se observamos a posición do diagrama que representa a situación das pezas na película notamos que procede dunha apertura francesa, o que non é casual pois a acción transcorre na Francia non ocupada durante a II Guerra Mundial.

As brancas teñen vantaxe de espazo dado que os peóns de h5 e e5 limitan o campo de acción das negras; representan, pois, a posición



dominante dos alemáns. As negras pola súa parte teñen unha posición restrinxida pero cando menos defendible e con posibilidades no futuro, o que dá conta da situación da resistencia.

Como se ve o taboleiro mostra de xeito pormenorizado a tensión que se está a vivir en Casablanca.

Cómpre dicir, por último, que a posición é bastante irregular. Resulta difícil xustificar a desaparición dos bispos de rei de ámbolos dous

CLINICA
DENTALIgnacio Rodríguez Núñez
ODONTÓLOGORúa da Guarda, 4 - 2º A • TOMINO
Telf.: 986 623 301SANTA LUCÍA
SEGUROSTelf.: 986 610 537
Móbil: 608 984 606
Concepción Arenal, 59 baixo
36780 A GUARDA

O taboleiro mostra de xeito pormenorizado a tensión que se está a vivir en Casablanca



◀ bandos pois transitan por cores distintas.

Tartakower, o Tenente Cartier e outras historias

Xabier Tartakower pasa por ser un dos xadrecistas máis agudos da historia. Son célebres frases súas como "Ninguén gañou unha partida despois de abandonar" ou "Nunca gañei a un xogador que estivese en perfecto estado".

Tartakower foi un xudeu polaco que

fixo máis pola universalidade de Cataluña có mesmo Jordi Pujol, pois foi o inventor da apertura catalana (1. d4-d5; 2. c4- e6; 3. Cf3- Cf6; 4. g3) e hoxe algunhas das partidas máis grandes da historia levan na súa cabeceira o nome de Cataluña, estean impresas en Xapón, China, India....ou onde queira que estean.

Cando os nazis invadiron Polonia, Tartakower fuxiu da súa terra e emigrou a Francia: para a súa sorpresa os nazis tamén ocuparon o país dos galos. Foi entón cando este


verdadeiro Victor Lazlo polaco pasou a formar parte da resistencia francesa co nome de Tenente Cartier, un dos seus máis heroicos membros.

Tartakower simboliza a simpatía, a cultura, a universalidade e a loita polos valores dos humanos dentro e fóra desa metáfora vital que é o taboleiro de xadrez.

Victor Lazlo non foi pois só un personaxe secundario na obra de Curtiz. Existía xa no cruce das grandes diagonais e dos modos de vida polos que Tartakower transitaba.


BARROQUÍÑAS

Especialidade en Roscóns



Telf.: 986 622044

Rúa Rocha 6. TOMIÑO



NA ALAMEDA
A GUARDA

DESDE HOXE.
A SÚA SEGURIDADE DO MAÑÁ



Axencia de seguros JOSÉ FERNÁNDEZ
ASESORES EN TODO TIPO DE SEGUROS
Rúa da Guarda, 3 • 36740 TOMIÑO
Telf. /Fax: 986 623199 • Telf. móbil: 608 885455